

## Rui Fernandes de Santiago

Rubrica

Que doo que agora hei  
dos meus olhos, polo chorar  
que farám, poilos eu levar,  
senhor, u vos nom veerei:  
ca nunca os hei a partir  
de chorar, u vos eu nom vir.

Quisera-m'eu que vissem al  
e nom vissem vós estes meus  
olhos; e nom quis assi Deus,  
mais sei que mi verrá en mal:  
ca nunca os hei a partir  
de chorar, u vos eu nom vir.

O vosso mui bom parecer  
virom em mal dia per si;  
e mal dia lhe-lo sofri,  
senhor, que o fossem veer:  
ca nunca os hei a partir  
de chorar, u vos eu nom vir.

Pero que ora, senhor, ham  
em vos veer mui gram sabor,  
já o pesar será maior  
pois, quando vos nom veerám:  
ca nunca os hei a partir  
de chorar, u vos eu nom vir.

Nen'os poderei eu partir  
de chorar, u vos eu nom vir.